

No futuro da guerra

Mauro revólvese no leito. Dá unha volta e outra. De súpeto esperta, non está no seu cuarto. Tombado nunha verde pradaría, a brisa remóvelle o cabelo. Aló embaixo estaban a enfrontarse moitas persoas con garrotes e taparrabos, loitando coma animais. Cando Mauro chiscou os ollos a imaxe cambiou. Agora loitaban con espadas, e as frechas cubrían o ceo. Outro chiscar, outro escenario. Rifles e canóns, enchendo o ar co denso fume da pólvora. Outro máis, e agora xa non vía persoas, nin pradaría, unha cidade estaba a ser bombardeada cos mísiles que caían do ceo. Unha derradeira vez, e agora estaba el no terreo baixo, cheo de esqueletos medio enterrados no chan. Entre as caveiras crecían coloridas flores.

Esperta. Ten que contar o que vira, pero é mudo. Mellor escribilo. Senta diante do computador e comeza:

“Daniel revólvese no leito. Dá unha volta e outra. De súpeto...”

Xoel Roque Pintos, 4ºEso C